

LIBRO X DOS RECORDS E MELLORES MARCAS

1.-Para os Records Galegos e Melloras Marcas de Idades en piscina de 50 metros, as distancias e os estilos seguintes serán recoñecidos para ambos sexos:

RECORDS:

LIBRE: 50, 100, 200, 400, 800, 1500 metros

COSTAS: 50, 100, 200 metros

BRAZA: 50, 100, 200 metros

BOLBORETA: 50, 100, 200 metros

ESTILOS INDIVIDUAL: 200, 400 metros

REMUDAS DE LIBRE: 4x50, 4x100, 4x200 metros (Absolutos e Clubs)

REMUDAS DE ESTILOS: 4x50, 4x100 metros (Absolutos e Clubs)

REMUDAS *MIXTAS DE LIBRE: 4x50, 4x100, 4x200 metros (Absolutas e Clubs)

REMUDAS *MIXTAS DE ESTILOS: 4x50, 4x100 metros (Absolutas e Clubs)

*As remudas mixtas deberán estar formadas por dúas mulleres e dous homes en orde libre.

MELLORES MARCAS:

LIBRE: 50, 100, 200, 400, 800, 1500 metros

COSTAS: 50, 100, 200 metros

BRAZA: 50, 100, 200 metros

BOLBORETA: 50, 100, 200 metros

ESTILOS INDIVIDUAL: 200, 400 metros

2.- Para os Récords Galegos e Melloras Marcas de Idades en piscina de 25 metros, as distancias e os estilos seguintes serán recoñecidos para ambos sexos.

RECORDS

LIBRE: 50, 100, 200, 400, 800, 1500 metros

COSTAS: 50, 100, 200 metros

BRAZA: 50, 100, 200 metros

BOLBORETA: 50, 100, 200 metros

ESTILOS INDIVIDUAL: 100, 200, 400 metros

REMUDAS DE LIBRE: 4x50, 4x100, 4x200 metros (Absolutos e Clubs)

REMUDAS DE ESTILOS: 4x50, 4x100 metros (Absolutos e Clubs)

REMUDAS *MIXTAS DE LIBRE: 4x50, 4x100, 4x200 metros (Absolutas e Clubs)

REMUDAS *MIXTAS DE ESTILOS: 4x50, 4x100 metros (Absolutas e Clubs)

*As remudas mixtas deberán estar formados por dúas mulleres e dous homes en orde libre.

MELLORES MARCAS

LIBRE: 50, 100, 200, 400, 800, 1500 metros

COSTAS: 50, 100, 200 metros

BRAZA: 50, 100, 200 metros

BOLBORETA: 50, 100, 200 metros

ESTILOS INDIVIDUAL: 100, 200, 400 metros

3.-As Melloras Marcas de Idades estableceranse por ano de nacemento: 12 a 17 anos, tanto en categoría masculina como feminina.

4.- Para que un equipo de remudas poida establecer Récord de Clubs, debe estar inscrito como Club, debéndolle pertencer todos os seus compoñentes.

5.-Todos os Récords e Melloras Marcas de Idades deberán conseguirse durante a competición, ou nunha carreira individual contra o reloxo, en público, e dentro dunha proba oficial.

6.-Para a consecución dun Récord ou Mellor Marca de Idades está totalmente prohibido dar indicacións aos nadadores con marcas, instrumentos, sons ou outros efectos.

7.-A piscina deberá estar homologada pola FEDGAN, segundo a normativa correspondente.

8.-Os Records Galegos e Melloras Marcas de Idades serán aceptados cando os tempos fosen rexistrados mediante un equipo de clasificación automático segundo os regulamentos en vigor e cun xurado oficial.

Os Records Galegos e as Melloras Marcas de Idades rexistraranse á centésima de segundo.

Os Récords Galegos Máster serán aceptados cando fosen rexistrados mediante un equipo de clasificación automático segundo os regulamentos en vigor e cun xurado oficial. Adaptaranse ao programa de probas correspondente á categoría máster.

9.-Os tempos iguais á centésima de segundo, serán recoñecidos como Récords ou Melloras Marcas igualados e os nadadores que realizasen eses tempos iguais serán designados como posuidores do Récord Galego ou Mellor Marca de Idades. Se nunha carreira máis dun nadador establece rexistros que mellorasen o Récord Galego ou a Mellor Marca de Idades, só o tempo do vencedor da carreira poderá ser considerado como Récord ou Mellor Marca de Idades. No caso de empate nunha carreira onde se estableza un Récord ou Mellor Marca de Idades, os nadadores empatados consideraranse como posuidores do Récord Galego ou Mellor Marca de Idades.

10.-O primeiro nadador dunha remuda pode pedir a homologación dun Récord Galego ou unha mellor Marca de Idades. Se percorre a súa distancia nun tempo récord, conforme as disposicións presentes, a súa actuación non será anulada por descalificación posterior do seu equipo de remudas por faltas ocorridas despois de que el realizase a súa carreira.

11.-Nunha proba individual, un nadador poderá pedir a homologación dun Récord Galego ou Mellor Marca de Idades para unha distancia intermedia se é rexistrado por un equipo de Clasificación Automático. O nadador

deberá percorrer a distancia prevista para a proba sen ser descalificado, para solicitar o récord da distancia intermedia.

12.-A homologación de Récorde Galegos e Melloras Marcas de Idades deberá solicitarlla á FEGAN o Club ao que pertence o nadador, acompañada da Acta de Resultados da Competición asinada polo Xuíz Árbitro, nos 15 días seguintes á súa realización.

13.-Todos os Récorde Galegos e Melloras Marcas de Idades realizados durante os Campionatos de Galicia e outras competicións organizadas pola FEGAN, serán recoñecidos por esta de forma inmediata.

14.-Unha vez recoñecida unha marca dun nadador como Récord Galego e/ou Mellor Marca de Idades, a FEGAN procederá á súa inclusión na táboa correspondente.